

“Debuxar é parecido a facer un xesto expresivo, coa ventaxa da permanencia”

*H. Matisse*

Máis información:



e no sitio web: [www.museolugo.org](http://www.museolugo.org)

Tel.: 982 242 112



DEPUTACIÓN DE LUGO  
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura e Turismo



REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL  
MUSEO PROVINCIAL DE LUGO  
MUSEO FORTALEZA SAN FAIO DE NARLA  
MUSEO PROVINCIAL DO MAR  
FAZO DE TOR



MUSEO PROVINCIAL de LUGO

↳ Federico Ribas (1890-1952)

# O debuxo na arte **galega** contemporánea

maio/xullo/2013

↳ Máximo Ramos (1880-1949)



\*\*\*

PÉREZ VILLAMIL (1807-1854)  
SERAFÍN AVENDAÑO (1838-1916)  
ALFREDO SOUTO (1862-1940)  
FRANCISCO LLORENS (1874-1948)  
MÁXIMO RAMOS (1880-1949)  
BELLO PIÑEIRO (1886-1952)  
CASTELAO (1886-1950)  
MANUEL ABELENDIA (1889-1957)  
CORREDOIRA (1889-1939)  
FEDERICO RIBAS (1890-1952)  
CASTRO GIL (1890-1952)  
COLMEIRO (1901-1999)  
MANUEL TORRES (1901-1995)  
MARUJA MALLO (1902-1995)  
ARTURO SOUTO (1902-1964)  
JULIA MINGUILLÓN (1906-1965)  
CRISTINO MALLO (1905-1989)  
LAXEIRO (1908-1996)  
LUÍS SEOANE (1910-1979)  
EUGENIO GRANELL (1912-2001)  
LAGO RIVERA (1916-1990)  
MAMPASO (1924-2001)  
TINO GRANDÍO (1926-1977)  
XAIME QUESADA (1937-2007)  
ALFONSO SUCASAS (1940-2012)

\*\*\*

## Programación cultural paralela:

Inauguración/presentación: xoves 23 de maio de 2013 ás 20:00 h.

Obradoiros para nenos. Impartidos polo Departamento de didáctica Museo Provincial de Lugo

“Aproximación ás técnicas e aos materiais do debuxo artístico a través da obra de autores galegos” (A cargo de Lucila Yáñez Dpto. de Belas Artes): venres 14 de xuño ás 19:00 h.

Visita técnica guiada a cargo da comisaria Aurelia Balseiro García: xoves 4 de xullo ás 19:30 h.

“Debuxar é a honestidade da arte. Non hai posibilidade de artificios, ou é bo ou é malo”.

*S. Dalí*

# O debuxo na arte galega contemporánea

O debuxo existe dende a arte rupestre paleolítica ata a actualidade, directamente relacionado coa necesidade do home de plasmar ou representar imaxes reais ou imaxinadas. É unha disciplina importante, especialmente na arte contemporánea, utilizada como medio de expresión por moitos creadores grazas ás súas posibilidades expresivas; non obstante, foi infravalorado nas belas artes pola concepción ou consideración exclusiva de ferramenta auxiliar, de aprendizaxe ou de simple representación previa, relegado a un medio, non como un fin

Outro paisaxista, tamén á cabalo entre os dous séculos, é **Abelenda** que aquí amosa o seu gusto polos detalles dunha arquitectura do medio rural galego baixo a perspectiva melancólica da ruína.

No debuxo de **Alfredo Souto** vemos a minuciosidade e calidade das súas obras, características que logo influirán no gran talento do seu fillo Arturo.

**Corredoira** é un artista que comeza con influencias de Zuloaga e Sorolla tal e como

Colmeiro, Seoane, Laxeiro “Os novos” universalizan a arte galega sendo os renovadores e precursores dunha figuración moderna que tamén se achegará ás veces cara á abstracción, xa nos anos 50. Este desenvolvemento e apertura frustrouse coa guerra civil que abocou á emigración ou ao silencio a moitos artistas galegos. Todos os devanditos foron grandes debuxantes. **Colmeiro**, co influxo da Escola de París –como **Lago Rivera**– parte da realidade para ofrecernos unha visión subxectiva da súa terra e a súa xente con paisaxes, escenas e retratos de fonda raizame galega a través dun costumismo reinventado que deriva en obras de especial interese.

**Arturo Souto** tivo gran sona como debuxante de denuncia social, igual que Castelao, nos anos previos e durante a Guerra Civil, fóra da visión máis intimista ou idealizada de Colmeiro. Logo, no exilio, segue asimilando influencias e personalizando un estilo único que o converte nun dos artistas galegos máis destacados da súa xeración. Tamén **Laxeiro** ten unha gran produción gráfica, cunha figuración de corte máis imaxinativa con influencias neoexpresionistas pero de inspiración similar, o que deriva nunha traxectoria orixinal e singular coa base dun gran dominio do debuxo. **Seoane** foi o verdadeiro representante das vangardas na arte galega pola súa busca constante, sempre dende o compromiso social; nos seus debuxos destacan as liñas sinxelas, as cores puras e a inxenuidade por experimentar con novas técnicas, formatos e estilos.

Despois da Guerra Civil, nun ambiente influenciado polo hermetismo da posguerra,

se desenvolve esa nova figuración con influencias expresionistas en obras de **Sucasas** ou **Abelenda**; concretamente **Sucasas** agudiza o sentido expresionista e de crítica social na súa obra pictórica, dándolle sempre moita relevancia ao debuxo.

**Xaime Quessada** é un dos “artistañas” de Vicente Risco, que evoluciona constantemente entre a abstracción e a figuración surrealista. Finalmente, o lucense **Tino Grandío** tal como di Antón Castro “a pesar do seu sentido esquemático e elíptico foi un extraordinario debuxante, capaz de suxerir as figuras, escenas e espazos máis complexos coa teoría minimalista do menos é máis”.

Con esta pequena mostra faise unha lectura pola produción debuxística de vinte e cinco artistas senlleiros da arte galega contemporánea, algúns a cabalo entre os séculos XIX e XX e os demais nados na primeira metade do século pasado. Esta selección axuda a comprender a historia desta expresión artística e as posteriores achegas xurdidas das vindeiras xeracións. No marco cronolóxico devandito destaca a innovación do primeiro terzo do século XX, séguelle logo a paréntese da posguerra, na que hai que seguir a traxectoria da arte galega polo exilio, cun certo renacemento a mediados do século e a partir de aí a incorporación ou a apertura progresiva á arte como feito universal. Tamén nos dá a posibilidade de observar distintas formas de creatividade en consonancia ou non cos movementos artísticos en vigor, en



↳ Federico Ribas (1890-1952)

en si mesmo, ata que pouco a pouco acadou a súa plena autonomía como forma de expresión plástica. A revalorización do debuxo, coas teorías dos neoclásicos (s. XVIII), veuse incrementada polas súas posibilidades creativas coa utilización dunha grande diversidade de medios (instrumentos e materiais): xices de cores, lapis, acuarela, plumiña, tinta... e soportes (distintos acabados de papeis...). Tamén se incrementaría o coleccionismo público e privado dos debuxos de grandes mestres e debuxantes, sobre todo do século XVII en diante, aínda que serán os propios artistas, dende o século XIX, os que utilicen o debuxo como feito autónomo de creación artística: Cezanne, Picasso, Matisse, Mondrian, Dalí, Bacon, Pollock..., dende distintas posicións estéticas, terán unha gran produción debuxística. Algúns investigadores establecen o século XX como o da plena independencia do debuxo da pintura, obtendo o seu propio espazo de expresión/creación artística.

Nesta exposición, baixo o lema de “O debuxo na arte galega contemporánea”, fixemos unha representativa escolma situando primeiro os creadores nados no século XIX, comezando polo artista galego de máis sona tanto pola súa calidade artística como polos recoñecementos acadados: **Pérez Villaamil**, encadrado no romanticismo, representa temas de gusto decimonónico cunha especial mestría no xénero da paisaxe, coas características panorámicas abertas, ás veces de xeito costumista e logo con postulados plenamente románticos.

Outro artista baixo esta premisa cronolóxica é **Avendaño** quen, dende a base dun debuxo coidado con paisaxes de influencia romántica, chega a uns efectos lumínicos e cromáticos preimpresionistas que se potencian na súa pintura.

**Lloréns** xa se distancia a nivel compositivo do século XIX, amosando dende a base realista ou posromántica un achegamento ao estudo da luz e da atmosfera máis preto das novidades artísticas parisienses.

**Bello Piñeiro** tamén se interesou pola paisaxe como se aprecia no debuxo de casas onde se observa un primeiro plano que encadra a escena e un interese pola profundidade no segundo plano.


se albisca no debuxo con escena de mariscadores, chegando logo a unha orixinalidade estilística de corte espiritual/neogótica.

**Máximo Ramos** foi un gran debuxante e ilustrador cun carácter inxenuo e renovador que lle aplica á súa obra. **Federico Ribas** tamén era un importante ilustrador que nestas obras xa amosa unha boa técnica debuxística.

En xeral, no transcurso da primeira metade do século XX, na arte galega hai escasas referencias ás primeiras vangardas artísticas europeas, agás o caso de **Maruja Mallo** da que se amosa unha soa obra pero moi ilustrativa.

No panorama artístico, en consonancia cos movementos nacionalistas do primeiro terzo do século XX, aparece a cotío a presenza da terra coas súas tradicións, costumes e xentes recuperando formalmente a tradición barroca e medieval tan presente en Galicia, pero dende o punto de vista das vangardas europeas, fuxindo das sinerxías de salón, das exposicións nacionais ou das visións costumistas e folcloristas. Os resultados foron moi variados, pero a idea era o desenvolvemento dunha arte galega, tal como incentivaba **Castelao**. Este insigne home foi un magnífico debuxante que primeiro bebe nas fontes do modernismo galego e do debuxo costumista para logo primar nas súas obras a denuncia social e o minimalismo compositivo sobre todo nas irónicas caricaturizacións. Nos debuxos de Castelao vemos, tamén, unha tendencia ás liñas sinxelas sen aditivos “que potencian a expresividade da mensaxe” implícita ou literalmente expresada na lenda que ás veces acompaña o debuxo.

**Bello Piñeiro** tamén segue a estela dunha arte galega, como di J.L. López Vázquez, “cun estilo, tema, técnica e alma netamente galega cargado de emoción e sentimento con gran dominio do debuxo”. Castelao, Bello Piñeiro e tamén **Abelenda** amosan, nestas obras, a súa querenza pola terra e a xente con paisaxes de corte emotiva pero con representacións minuciosas, sexan visións xerais ou detalles. **Manuel Torres** herda de Maside as formas e motivos de tradición galega, igualmente coa intención de universalizalos a través do uso de distintos xéneros; a súa obra é moi variada e de inspiración popular.



↳ Maruja Mallo (1902-1995)

convivirán visións tradicionais anteriores con outras lixeiramente tinguidas de novidade, como é o caso de **Julia Minguión**, que deriva nun “naturalismo lírico estilizado” a través dun gran dominio do debuxo presente nas obras expostas na mostra. Continúan visións clásicas de paisaxes e monumentos, como as do gran debuxante e minucioso gravador **Castro Gil**, con outras dun realismo máis moderno, como as do escultor **Cristino Mallo** do que se amosan debuxos/bosquexos.

Fóra de Galicia desenvólvese o surrealismo con **Maruja Mallo** e os irmáns Fernández Granell, no exilio. **Maruja Mallo** e **Eugenio Granell** danlle unha gran importancia ao debuxo e á ilustración dende unha estética contemporánea máis xeometrante ou onírica.

O único representante galego da abstracción, na década dos 50, é **Mampaso**, cunha gran actividade debuxística; é pioneiro dende Madrid desta alternativa artística, pero nesta mostra está representado cun debuxo de aprendizaxe procedente dos seus comezos.

A partir dos anos 60, primará a neofiguración, sen esquecer o expresionismo e a total apertura ás vangardas artísticas mundiais. Neste marco temporal, tamén



↳ Laxeiro (1908-1996)

cada momento, dende un ímprobo esforzo de síntese por mor do espazo dispoñible.

É unha escolma froito do coleccionismo particular que se achega ao MPL para o disfrute público e gratuito de todos os seus visitantes, podendo ver dende bosquexos preparatorios ata debuxos rematados, elaborados en distintas técnicas, formatos e materiais mesturando debuxo tradicional e de vangarda dentro dun mesmo obxectivo: a creación artística.

En definitiva, esta exposición colectiva amosa obras, algunhas inéditas, que durante un tempo complementarán a sección de debuxo e gravado galego da colección permanente do MPL (salas 24 a 27), coa principal finalidade de contribuir á difusión da arte e dos artistas galegos dialogando e contextualizando os fondos propios desta institución museística.

**Aurelia Balseiro García**  
Comisaria e Directora do Museo Provincial de Lugo e museóloga